

JORNADAS DEL MÁSTER
DE LITERATURAS HISPÁNICAS
(CATALANA, GALLEGA Y VASCA)
EN EL CONTEXTO EUROPEO
(JULIO DE 2014)

Tipos de álbumes ilustrados en galego dende 1998

The types of illustrated albums in Galician since 1998

MÓNICA DOMÍNGUEZ PÉREZ

CFA El Clot (Barcelona)
mdomi249@xtec.cat

Resume: Aínda que os álbumes ilustrados se encontran nas orixes da literatura infantil e xuvenil galega, non foi até 1998 que este tipo de libros recibe un impulso en termos cuantitativos e cualitativos. Co tempo a produción estase a diversificar e xa atopamos os diferentes tipos de álbumes presentes en literaturas veciñas. Neste traballo faise un repaso á súa tipoloxía, presentando exemplos que, nalgúns casos, teñen que ser forzosamente de álbumes traducidos doutras linguas.

Palabras chave: álbum ilustrado, literatura infantil e xuvenil galega, tipoloxía.

Abstract: Picture books can be found at the beginnings of Galician children's literature, and in 1998 they were promoted in qualitative and quantitative terms. Since then picture books production has been diversifying and we can already find different kinds of such books present in surrounding literatures in Spain. In this work, their typology is reviewed, using examples of every kind of picture books in Galician language. For some cases, no picture book originally produced in Galician can be found, so translations are the only ones available.

Key words: picture book, Galician children's literature, typology.

O obxectivo deste traballo é examinar os diferentes tipos de álbumes ilustrados en galego que se están a producir dende 1998, a fin de coñecer as diferenzas entre eles e polo tanto as distintas experiencias, aprendizaxes ou formas de recepción que poden ofrecer ao lectorado.

Para definir o álbum ilustrado retomamos a proposta de Bosch (2007): «arte visual de imáxenes secuenciales fixas e impresas afianzado en la estructura de

libro, cuya unidad es la página, la ilustración es primordial y el texto puede ser subyacente». Teremos en conta, sen embargo, que non sempre é fácil distinguir entre álbumes ilustrados e contos ilustrados, salvo que apliquemos estrictamente a proposta de Dupont-Escarpit (2006: 8) e de Ramos (2011: 25) de considerar álbumes aos libros onde as ilustracións ocupan máis do 50% do espazo.

Se botamos unha ollada à Historia da literatura infantil e xuvenil galega veremos que os álbumes ilustrados se encontran nos inicios da súa andaina, con catro títulos de 1966 e 1967 coeditados coa editorial catalana La Galera en dúas coleccións. Dende ese momento a produción de álbumes ilustrados en galego estará dominada polas traducións e as coedicións con outras editoriais do Estado español, tanto en número de títulos como polas súas características. Aínda que mantendo certa influencia do estranxeiro, a fundación da editorial Kalandraka, en 1998, abre unha nova etapa na Historia da literatura infantil e xuvenil galega, e mesmo de todo o ámbito español. Trátase dunha pequena empresa galega que, utilizando xa os sistemas de impresión dixital, lánzase á produción de álbumes ilustrados en galego. Ademais, a fin de facer máis rendíbel este tipo de libros, caros de producir pola impresión en cuatricromía que esixen, Kalandraka comezou a traducir os seus títulos ao castelán, catalán, éuscaro e mesmo ao inglés. Os escritores e os artistas poden ser tanto da Península Ibérica coma estranxeiros.

Os álbumes ilustrados de Kalandraka aproveitan recursos semióticos deste tipo de libros que até o momento os artistas galegos non explotaran en todas as súas posibilidades, coma as ilustracións das gardas ou a disposición do texto na páxina. Ademais, presentan unha ampla mostra dos ilustradores galegos actuais, gañadores de premios a nivel do Estado ou internacionais.

Este camiño aberto por Kalandraka foi seguido por outras editoriais galegas ou do resto do ámbito español: OOO, Baía, A Nosa Terra, Everest... Contamos, polo tanto, cunha importante produción de álbumes ilustrados en galego, autóctonos ou traducidos, de calidade literaria e artística superior, polo xeral, á do período anterior.

O ano de 1998 marca, xa que logo, o inicio desta nova etapa, e de aí que estudiemos os álbumes ilustrados do século XXI xunto cos dos últimos anos do século pasado.

Da man desta nova onda de álbumes ilustrados, chegou tamén a súa diversificación en canto a tipos de textos e formas de presentación, de maneira que as distintas categorías de álbumes esixen un grao diferente de competencia lectora e visual, ou ben unhas habilidades particulares que os nenos deben desenvolver para a correcta lectura de álbumes ou doutros produtos audiovisuais. Por exemplo, un álbum no que o texto e as ilustracións resultan redundantes en canto ao que contan da historia require un nivel de competencia lectora e visual menor do que un álbum cunha relación de ironía entre os dous elementos. Do primeiro caso temos *Xurxo, vístome* (Slegers 2009), no que vemos o proceso de vertirse o neno pola mañá. Pola contra, *Non é unha caixa* (Portis 2008) dínos que o que vemos non é unha caixa, a pesar de que iso é o que nós percibimos.

Temos que comprender neste álbum que as liñas negras debuxan a realidade e as vermellas o que imaxina o personaxe, para entendela cando nega a evidencia.

En galego xa se atopan todos os tipos de álbumes ilustrados existentes nas literaturas veciñas, aínda que para algúns modelos temos que botar man das traducións, como por exemplo para as historias presentadas en álbumes bilingües. A clasificación que aquí se presenta está baseada, por unha banda, nos tipos de texto, e pola outra nas diferentes presentacións do álbum ou nas formas de lectura que esixen. Ambas as dúas clasificacións se poderían cruzar para multiplicar os tipos de álbumes, mais chega presentar os tipos de texto na forma máis común dos libros, os que están escritos nunha soa lingua, e saber que calquera deles podería presentarse tamén nos álbumes ilustrados bilingües, con pictogramas ou interactivos. A clasificación, polo tanto, podería esquematizarse da seguinte maneira:

álbumes ilustrados	texto nunha soa lingua	literarios	narrativos	contos populares
				contos orixinais
				historias da vida cotiá
		poéticos		
		outros textos non narrativos		
		divulgativos	enumerativos	
	expositivos			
	instrutivos			
	bilingües			
	con pictogramas			
	interactivos			
	sen palabras			

Por outra banda, non debemos esquecer que os álbumes ilustrados xa non forman parte de maneira exclusiva da categoría de libros infantís e xuvenís, senón que moitos deles están pensados tamén, ou principalmente, para os adultos. Sucede así con *Eu tamén sou fonte* (Moure/Lamas¹ 2008), dirixido ás mulleres en estado de xestación para animalas a alimentar os seus fillos con leite materna.

Vexamos a continuación os diferentes tipos presentados:

¹ Recoñecendo a importancia dos ilustradores nos álbumes ilustrados, estes serán citados tanto polo nome dos escritores (en primeiro lugar) coma dos ilustradores (a continuación). No caso de que ambos sexan a mesma persoa serán mencionados só unha vez. Os datos están tomados dos propios libros, do catálogo da Biblioteca Nacional de España (2014) e da Agencia Española del ISBN (2014).

1. ÁLBUM ILUSTRADO CO TEXTO NUNHA SOA LINGUA

A gran maioría dos álbums ilustrados posúen o texto nunha soa lingua e as ilustracións bidimensionais. Estes son os elementos básicos do álbum, xunto cos paratextos e peritextos. A súa lectura case sempre é lineal e inequívoca canto á orde de oracións e parágrafos. Só nalgún caso atopamos fragmentos dispostos de tal maneira que se poden ler en diferentes ordes, como sucede cos carteis de *Lucinda e o inspector Vinagre* (Núñez/Caetano 2001), dos que algúns mesmo esixen xirar a páxina para poder ser lidos.

1.1 Álbum ilustrado literario

O carácter literario tamén é unha característica da maioría de álbums ilustrados. Mesmo entre os que se atopan na categoría de divulgativos, danse a miúdo características literarias coma a ficcionalización e a linguaxe connotativa.

1.1.1 Álbum ilustrado narrativo

Os álbums ilustrados narrativos son moi abundantes. Neles calquera aspecto da historia pode ser contado polo texto, polas ilustracións ou por ámbolos dous elementos: a descrición de personaxes e de espazos, as accións, o tempo...

A clasificación dos álbums narrativos pódese realizar de moi diversas formas: polo seu grao de realismo ou fantasía, polos temas, por tipos de personaxes, por subxéneros concretos, etc. Aquí realízase unha clasificación segundo a orixe da historia relatada. Proponse, polo tanto, diferenciar os álbums ilustrados de contos populares fronte a aqueles que presentan historias orixinais. En moitos casos, os primeiros van aparellados a unhas determinadas formas lingüísticas, a unha tipoloxía de personaxes, a unha estrutura do conto específica, etc. Do outro grupo, o das historias orixinais, aínda diferenciamos as historias da vida cotiá, numerosas na literatura infantil e xuvenil. Vexamos cada tipo de álbums por separado:

1.1.1.1 Álbum ilustrado de conto popular

Os contos populares son aqueles que foron transmitidos de forma oral de xeración en xeración. Normalmente posúen variantes segundo as zonas e, ás veces, segundo os países, polo que é habitual encontrar un mesmo conto popular en varios países. Isto ocorre sobre todo despois da popularización de moitos deles por toda Europa, logo que foran recollidos por escrito por autores coma Perrault, Andersen ou os irmáns Grimm.

Son bastantes os álbums ilustrados de contos populares que se publican en galego, tanto traducidos ou adaptados doutras linguas coma redactados por

escritores autóctonos. Do primeiro caso podemos mencionar *O sultán e os ratos*, un «conto popular árabe» adaptado por de Boer ao catalán e ilustrado por Darné (2005); traducido posteriormente ao galego. O conto está cheo de paralelismos e as ilustracións utilizan obxectos para dar forma aos personaxes e animais. Por outra banda, de entre os álbumes redactados por escritores galegos podemos mencionar *Tío Lobo* (Ballesteros/Olmos 2000), un relato cheo de paralelismos que nos ensina a non ser larpeiros nin mentirosos.

Algúns destes álbumes recoñecen a filiación de Perrault, Andersen ou os irmáns Grimm, xa sexa como autores únicos (así se fai en *A princesa e o chícharo*, de Andersen/Odriozola 2003) ou a carón do adaptador galego, coma en *Rapunzel* (Grimm/Caíña 2001), un álbum no que se combinan diferentes técnicas ilustrativas. Outros álbumes mencionan a cultura de orixe do relato xunto co autor da redacción en galego, como sucede en *Cocoricó* (Núñez/Bansch 2006), conto tradicional birmano adaptado por Núñez. Outros libros, finalmente, indican tan só que se trata dun conto popular sen mencionar a orixe, coma no caso de *Once damas atrevidas* (Oli/Thomassen 2001). Nesta edición galega menciónanse, a carón de lugares dos cinco continentes, A Coruña e Bueu.

Os contos populares tamén poden ter diferentes graos de adaptación, dende os máis respetuosos coa tradición (Andersen/Odriozola 2003) até os máis modernizados ou os que presentan unha versión orixinal e persoal do conto. Así, *O debut de Martino Porconi* (Neira/Fernández 2008b) amosa un dos tres porquiños do conto tradicional coma un cantante de ópera. Este álbum insírese na colección «Musicontos» de Galaxia, que ten a particularidade de acompañar o álbum ilustrado dun CD coa audición oral do conto, mesturada con pezas de música clásica. Algo similar se ofrece na colección «Árbore/Galaxia audicon-tos», aínda que a música ten menos importancia neste caso. Así é, por exemplo, en *Branca de Neve e os sete ananos* (Grimm/Ferrer 2009).

Outros exemplos de álbumes ilustrados de conto popular son *O poliño da abeleira* (Rubio/Pacheco 2006), de estrutura acumulativa, ou *Ovos duros* (Núñez/Lima 2007), onde algunhas ilustracións están baseadas nun xogo conceptual.

1.1.1.2 Álbum ilustrado de historia orixinal

Todos os álbumes narrativos que non presentan contos populares narran unha historia orixinal, pensada polos autores do álbum, ou ben unha adaptación dun texto anterior que non corresponde a un conto popular. Deixamos aparte de momento as que denominamos historias da vida cotiá, que serán tratadas no apartado seguinte. Centrémonos, xa que logo, en historias, dende as máis sinxelas até as máis complexas, que posúen maior relevancia que os ambientes e as formas de vida descritos no libro.

Estes álbumes, polo tanto, presentan unha gran diversidade canto ao realismo ou fantasía, os temas, a complexidade estrutural, os narradores, os tipos de personaxes, os espazos, etc. Así pois, pouco máis se pode engadir ao exposto sobre os álbumes ilustrados narrativos en xeral.

Algúns destes álbumes teñen unha finalidade didáctica, moral ou ideolóxica máis ou menos patente. Por exemplo, *Unha chea de familias* (Neiral/Chao 2008a) pretende educar a sociedade na tolerancia respecto de diferentes tipos de estrutura familiar. Outros álbumes teñen unha base meramente lúdica, como ocorre con *Andrés cabeza abaixo* (Albo/Olmos 2010), unha historia chea de paralelismos que nos conta como un neno é engolido por unha serie de animais. Tamén hai álbumes que, sen querer transmitir unha idea en particular, axúdannos a ver a realidade dende diferentes perspectivas, contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia intercultural. Este é o caso de *Un becho extraño* (Daporta/Villán 2009), no que un ovo acaba convertíndose en rato, e de novo volve a ser ovo ao ler o libro do revés. Esta idea de que as cousas se ven de distinta maneira segundo a perspectiva está tamén en álbumes coma *Os de arriba e os de abaixo* (Valdivia 2009), focando as perspectivas culturais, e *O soño do osiño rosa* (Aliaga/Bansch 2007), que o fai a través de personaxes animais.

Nalgún caso se publican textos clásicos da literatura infantil galega con formato de álbum moderno, como sucede cos álbumes coeditados por Galaxia e o xornal *El País*. Así, por exemplo, *Sabeliña e os ratos* (Martín/Tomás 2007) é un conto de 1973 publicado agora por primeira vez en formato álbum. Tamén é posible atopar adaptacións de obras clásicas doutras culturas, como ocorre na colección «Don Quixote e Breogán», da editorial A Nosa Terra, que adapta partes da novela clásica castelá de Cervantes. Un exemplo de título é *Na aventura dos muíños* (Fariña 2005b). Outra colección é «Grandes clásicos adaptados» de Baía, na que se recollen títulos clásicos da literatura infantil e xuvenil coma *Pinoquio* (Collodi/Estudio Escletxa 2010).

Este grupo de álbumes ilustrados, en fin, é moi numeroso e a listaxe de títulos que se poderían mencionar é longa. Queden estes, non coma seleccionados de entre os mellores, senón coma meros exemplos dentro da variada produción.

1.1.1.3 Álbum ilustrado da vida cotiá

Este apartado refírese a unha serie de álbumes ilustrados narrativos que contan unha historia orixinal, pero dentro da cotidianeidade da vida dos nenos. A anécdota soe ser pouco relevante, e o máis importante é amosar ao lectorado infantil o mundo no que vive, a vida cotiá coas súas posibilidades, diferentes ambientes e ocasións especiais tipificadas.

Este tipo de álbumes publícase normalmente en coleccións dun mesmo protagonista que vai pasando polas diferentes experiencias vitais. Os protagonistas son sempre nenos ou animais que se comportan coma nenos. Do primeiro caso temos a serie de «Uxía» de Edelvives, por exemplo en *Uxía e a barriguiña de mamá* (Slegers 2004), sobre a experiencia de ter un irmán. Tamén atopamos a serie de «Xurxo», na que o protagonista nos explica os obxectos cotiáns que utiliza, por exemplo en *Voume bañar* (Slegers 2010). Pola súa banda, a serie «Uxía e os Pillabáns» de Sotelo Blanco ten como protagonista a un grupo de

nenos e nenas. En *Unha tarde no cine* (Ben 2006) vemos como os nenos ven unha película no cine.

Con protagonista animal atopamos a serie «Coelliño Branco» de Edelvives, por exemplo en *Coelliño Branco pérdese* (Floury/Boisnard 2004), sen que exista outra diferenza con respecto aos álbumes de nenos salvo a forma animal dos personaxes. A colección «Os contos da rata Luísa» de Edicións A Nosa Terra ten coma protagonista a unha familia de ratas, pero as experiencias son vividas coma se foran persoas. Así, *No río* (Daporta 2002) as ratas van pescar. A peculiaridade desta colección é que se presenta en forma de narración en verso.

Unha serie un tanto diferente é «Tento» de Edelvives, na que un can vive as mesmas experiencias que os nenos, pero con historias nas que o argumento resulta máis relevante que nas coleccións anteriormente mencionadas. Así, por exemplo, en *Tento e mailo mar* (Alcántara/Gusti 2001) o protagonista vai á praia por primeira vez, pero en compañía dun amigo e non dos adultos. O álbum céntrase nos xogos particulares dos protagonistas coas ondas do mar, e no medo que teñen ao principio até coller confianza.

1.1.2 Álbum ilustrado poético

A delimitación da poesía fronte á narrativa ou outras formas de texto en prosa non sempre resulta doada, e moito menos cando interveñen unhas ilustracións na transmisión da mensaxe que poden ser consideradas «poéticas» pola súa beleza, pola especial relación que establecen co texto, por presentar unha visión surrealista, etc. Tamén debemos ter en conta que algúns álbumes ilustrados narrativos están escritos en verso con rima, como sucede na serie «Antón e Pompón» de A Nosa Terra. Así, *Os contrarios* (Fariña 2005a) relata o xogo do escondite entre os dous personaxes, coma excusa para ensinar palabras antónimas aos lectores. Mais do que tratamos neste apartado é de álbumes con texto predominantemente lírico, independentemente de como sexan as súas ilustracións.

Os textos de xénero lírico engloban o folclore popular, recollido na colección «Ler é vivir» da editorial Everest. Así, atopamos *Arrolas e rodas* (Varela/López 2008a), *Trabalinguas* (Varela/Uhía 2008d), *Pandas* (Varela/Calo 2008c) ou *Mentiras* (Varela/Cubeiro 2008b). Outras cancións tradicionais (en galego, portugués e mirandés) son recollidas en *Na punta do pé* (Pesdelán/de Carvalho 2010), un álbum froito dun proxecto de baile que conta con dous anexos: «Glosario» e «Como se baila», onde se recollen as partituras e as explicacións dalgúns xogos con canción. Tamén vén co volume un CD coas grabacións e un DVD para aprender os bailes.

Ademais, hai álbumes de adiviñas creadas para a ocasión, coma no caso de *Adiviñas de animais*, no que Gloria Sánchez (/Villán 2004) xoga cos tipos de letras e ilustra as palabras para dar pistas das solucións.

Por outra banda, atopamos álbumes ilustrados con poemas de autores clásicos da literatura galega, inicialmente dirixidos aos adultos. Deste caso temos

Adiós ríos, adiós fontes (Castro/Chao 2005), que combina ilustracións en branco e negro con outras a toda cor, para achegar un só poema, xa clásico, ao lectorado infantil e xuvenil. Tamén hai a tradución dun poema en castelán de Neruda (/Odriozola 2009): *Oda a unha estrela*, que narra a historia dun home que colle unha estrela do ceo. Trátase dun álbum singular porque os poemas líricos dos álbumes non adoitan ser traducidos.

Os textos poéticos doutros álbumes ilustrados son escritos para a ocasión. Os libros poden conter un só poema, coma en *O lobo* (Rodiño/Lires 2002), no que se fala sobre a vida deste animal, ou en *Un soño na bandexa* (Lorenzo/Francisco + Vázquez 2010), no que os desexos dunha rapaza aparecen no diálogo cun camareiro. Por outra banda, tamén se atopan álbumes con diferentes poemas, coma en *Poemas con piruleta* (Fontes/Lamas 2009), no que se tocan temas de aprendizaxe básica coma as notas musicais, as cores, as árbores, as vogais... Outros álbumes son máis restrinxidos canto ao tema, coma *Do A ao Z con Mozart e coa música* (Cruz-Contarini/Salmerón 2006), no que cada letra do alfabeto dá lugar a un poema sobre a música.

A nena e o grilo (Blanco/Prieto 2010) é un álbum orixinal non só porque combina poemas con textos de prosa poética, senón tamén porque inclúe un CD con algúns dos poemas cantados.

Vemos, xa que logo, que este tipo de álbumes ilustrados é moi produtivo e dinámico na actualidade.

1.1.3 Álbum ilustrado literario non narrativo

Aínda que algúns autores consideran que todos ou a maioría dos álbumes ilustrados son de carácter narrativo (Bosch 2007: 29), o certo é que existen numerosos títulos que non o son. Pola contra, presentan outros tipos de estruturas, algunhas máis orixinais ca outras.

Así, por exemplo, hai álbumes ilustrados literarios con estrutura enumerativa, como sucede con *P de papá* (Martins/Carvalho 2009), no que se mostran de maneira lúdica as diferentes «funcións» dun pai dende o punto de vista do seu fillo. Tamén ten estrutura enumerativa *Crocodilo* (Rubio/Villán 2005b), co que se poden aprender as cores grazas ás letras en cor e á rima que presenta o texto.

Podemos mencionar nesta categoría algúns contos populares de estrutura acumulativa nos que apenas se dá a narratividade. Este é o caso de *A princesa do Caurel* (Patacrúa/Solchaga 2006), no que obxectos cotiáns forman personaxes que se van encadeando. Este conto popular está publicado en diferentes linguas do ámbito español e estranxeiras, localizándoo en distintos lugares segundo a lingua.

Outros álbumes describen unha situación cuns rasgos narrativos mínimos. Así sucede en *Eu vivía na fin do mundo* (Trigo 2007), un libro sobre o suicidio que permite desenvolver as competencias literaria e visual polo reto de interpretación que propón. Para resolvelo é preciso inferir e comprender significados a partir da especial relación que se establece entre o texto e as ilustracións, incluí-

das as dos paratextos. Pola súa banda, *Eu tamén son fonte* (Moure/Lamas 2008) presenta os sentimentos dunha muller embarazada, dirixíndose a este colectivo de adultos, como xa foi comentado.

Álbumes orixinais son os creados por Prestifilippo, como *Instrucións para despertar a unha cadeira durmida: o método do profesor Roxelio Troncoso para converter a súa cadeira nunha mascota* (Prestifilippo 2007). Trátase dunha guía ficticia e paródica cos diferentes apartados deste tipo de libros que dan lugar a varios tipos de textos: fragmentos expositivos, instrucións, un cuestionario, consellos, advertencias, publicidade, unha biografía...

Como vemos, este grupo de álbumes ilustrados é moi heteroxéneo e dá lugar a diferentes experiencias de lectura. Canto máis variadas sexan as que viven os nenos máis serán as competencias e habilidades desenvoltas, e maior a súa capacidade interpretativa.

1.2 Álbum ilustrado divulgativo

Os álbumes ilustrados non literarios son denominados de varias formas: divulgativos, informativos, de coñecementos... Trátase de obras que teñen como finalidade principal transmitir uns coñecementos, sexan estes básicos ou complexos, ou ben describir un proceso a través de instrucións.

En moitas ocasións os álbumes ilustrados divulgativos mestúranse cos narrativos, inserindo as explicacións nun marco narrativo ficticio que fai máis atractiva a lectura. Tamén é habitual utilizar, sobre todo para o marco narrativo, unha linguaxe coloquial e comentarios valorativos que se afastan da linguaxe empregada en textos divulgativos dirixidos aos adultos.

1.2.1 Álbum ilustrado divulgativo enumerativo

A denominación de «enumerativo» para este tipo de álbumes propónse aquí facendo referencia ao texto que presentan, englobando así outras denominacións propostas: «catálogos, listados, alfabetos, libros de contar...» (Bosch 2007: 29) ou «álbumes portefolio» (Ramos 2011: 31). Trátase de álbumes que transmiten unha información fragmentada en diversos elementos cunha estrutura similar. Dita estrutura pode ser unha letra (no caso dos alfabetos), unha palabra, unha oración, etc. Para o galego, sen embargo, non atopamos ningún alfabeto publicado até o de agora.

No *Diccionario visual* (Vicó 2005) a unidade estrutural é a palabra, simple ou composta. Así, a unha serie de ilustracións lles corresponde unha serie de palabras que denominan os obxectos ou conceptos debuxados. As palabras aquí aparecen repetidas, en maiúsculas e en minúsculas, e ordenadas por ambientes ou por temas. Ademais, este álbum é tamén de tipo interactivo, xa que contén un xogo de busca dun osiño de peluche.

O texto de *Na area* (Sánchez/Estrada 2000) consiste tamén en palabras soltas, agora acompañadas do seu artigo, ordenadas nunha estrutura que comeza cun zoom visual nas ilustracións e despois se torna minimamente narrativa. Sen embargo, o máis importante parece ser a transmisión do nome de obxectos frecuentes nas praias.

Os maios (Fernández 2009), coma o resto da serie «Pimpín por aquí non vin» de Galaxia, dobra as súas follas en forma de abano despregábel. Dun lado observamos a festa dos maios coas súas actividades tradicionais, sen texto algún, e do outro atopamos o nome dalgúns obxectos presentados na ilustración, a modo de glosario para que o neno os aprenda.

En *Cinco* (Rubio/Villán 2005), para ensinar os números do un ao cinco, combínanse estes con outras palabras que riman. En *Kimba. As cores e as formas* (Monclús 2002) o texto límitase aos nomes de cores e formas, aínda que nas ilustracións estas formas representan obxectos.

Pola súa banda, *Un dous tres, que ves?* (Budde 2005) combina palabras e frases que se poden aplicar a persoas ou animais, dunha maneira moi lúdica e sen que exista unha sistematicidade nas palabras e frases utilizadas.

Como exemplo de álbum que presenta oracións con estrutura enumerativa temos *Miau* (Rubio/Villán 2005c), onde cada dobre páxina presenta un animal, a onomatopeia do sonido que fai e a oración: «di o/a [nome do animal]»; por exemplo: «miau miau miau/di o gato» (primeiro animal que aparece). Tamén *Que fai falta?* (Rodari/Bonanni 2010) explica a orixe dalgúns obxectos seguindo a estrutura: «Para ter [...] fai falta [...]».

Mans (Docampo/DNL 2011) emprega oracións ou construcións coordinadas sen verbo enumerando tipos de mans, aínda que ao final se constrúe unha oración valorando a solidariedade con outras persoas.

1.2.2 Álbum ilustrado expositivo

Os temas que tratan os álbums ilustrados de texto expositivo poden ser moi variados. En galego atopamos títulos sobre arte, xeografía, bioloxía, Historia, deporte, etc. Cando os temas e a súa presentación non consiguen interesar ao lector os álbums poden resultar pouco motivantes. Por iso debemos ter en conta os intereses dos nenos cando lles proporcionamos un álbum de texto expositivo, ou ben intentar sorprendelos cunha presentación atractiva dun tema que en principio non lles chama a atención.

A serie «Isto é» da editorial El Patito describe grandes cidades do mundo con pouco texto e moitas ilustracións. *Isto é Nova York* (Sasek 2011) explica con datos as impresionantes dimensións da cidade norteamericana.

A serie «Un cadro de» da Faktoría K descubre aos nenos famosos cadros describíndoos dunha maneira atractiva. Para iso combina a linguaxe coloquial, fragmentos descritivos, interpretativos e explicacións. Ao final engádesse unha biografía do pintor. Así, por exemplo, *Un cadro de Velázquez* (d'Harcourt 2011)

explica quen é cada personaxe da pintura *Las meninas* e o que está a facer na representación pictórica.

A serie «Os animais de...», publicada por Baía, utiliza oracións breves para describir animais, por exemplo en *Os animais da sabana* (Boncens 2011). Nestes libros tamén se usan diferentes texturas para caracterizar os animais.

Por outra parte, hai varias coleccións de A Nosa Terra que teñen a familia dos Bolechas coma protagonistas, creando un marco ficticio no que se dan explicacións sobre temas variados. «Os Bolechas queren saber...» toca temas de Historia de Galicia, educación viaria, produtos agrícolas galegos, etc. Así, por exemplo, *Os Bolechas queren saber... como é o noso Patrimonio Cultural* (Carreiro 2008) explica as etapas da Historia de Galicia dende a época dos petroglifos até a actualidade. «Os Bolechas descubren a Natureza» trata temas de bioloxía. Así, *Os Bolechas descubren a Natureza. A praia* (Carreiro 2004a) explica a fauna e a flora propias das praias galegas. Pola súa banda, «Axenda 21 escolar» combina comentarios sobre os personaxes con explicacións sobre temas ecolóxicos. Como exemplo, *Coidamos a escola, coidamos o Planeta 3* (Carreiro 2004b) explica como usar os recursos de maneira eficiente nas escolas.

Tamén algúns álbumes da colección «Os contos de Pin e Tito» de Everest combinan oracións de tipo informativo con palabras soltas e comentarios persoais que fan os nenos personaxes. Así, por exemplo, en *Os animais do zoo* (Palomo/Rodrigo 2008) compáranse as cualidades dos animais coas dos nenos.

1.2.3 Álbum ilustrado instrutivo

Non son moitos os álbumes ilustrados de texto instrutivo publicados en galego. A maioría deles sitúase no ámbito das actividades manuais. O carácter instrutivo fai que unha simple lectura poida resultar aburrida, e o interesante é poder seguir as instrucións dunha ou máis secuencias. Desta maneira a lectura convírtese en acción e dá lugar a un resultado visíbel, o que pode proporcionar maior interese, atención, satisfacción e autoestima dos lectores. Cando o resultado é o esperado, demóstrase tamén a correcta comprensión do texto, facilitada á súa vez pola manipulación dos materiais dos que se fala no álbum.

En galego atopamos algún título sobre papiroflexia: *Papiroflexia. Iniciación* (Palacios 2009b), con indicacións para principiantes, ou *Animais de papel* (Palacios 2009a), para facer figuras de animais. Tamén hai un álbum da colección «Debuxo e pintura para nenos» de Nova Galicia chamado *Ceras* (Nova Galicia 2004). Todos eles empregan a primeira persoa do plural para expresar as instrucións.

De tema culinario existe a colección «Cociña infantil e familiar», de Ouvirmos, á que pertence *Bocadillos e sándwiches. Divertidos, fáciles, creativos* (Caruncho *et al.* 2011). Trátase dun álbum con receitas que utilizan a segunda persoa do singular, pero tamén consellos, un texto expositivo sobre o pan e espazo para que o lector escriba as súas propias receitas.

2. ÁLBUM ILUSTRADO BILINGÜE

Os álbumes ilustrados bilingües presentan, ademais das ilustracións, un texto en dúas linguas, normalmente escrito por duplicado na mesma páxina e diferenciadas visualmente por algún aspecto tipográfico. Tamén se poderían atopar álbumes ilustrados trilingües ou multilingües.

A maioría dos álbumes bilingües que inclúen o galego están escritos tamén en inglés, xa que é a lingua estranxeira máis estudada en Galicia. Os álbumes diríxense, polo tanto, a nenos galegos que están aprendendo inglés.

Os libros bilingües pódense ler de diferentes formas: lendo primeiro o texto en inglés e logo comprobando que se comprendeu a través do galego, ou facendo ao revés para facilitar a comprensión do texto en inglés, ou utilizando o galego como apoio para aquelas palabras ou estruturas do inglés descoñecidas, ou lendo só un dos textos e deixando o outro de lado. Cando lle entregamos a un cativo un álbum bilingüe podemos orientalo sobre estas opcións, pero non sempre conseguimos controlar de que maneira fai a lectura na realidade. O máis importante, en calquera caso, parece ser que o lectorado teña contacto coa lingua estranxeira dunha maneira amena e atractiva.

A maioría destes álbumes teñen un texto narrativo, aínda que podería ser de calquera outro tipo. Por exemplo, hai un diccionario visual en galego e inglés: *As miñas primeiras palabras en inglés* (Lisma 2008), ordenado por temas e ambientes.

A serie «El globo rojo» de Círculo Latino (traducida do castelán, como se pode deducir do título) contén álbumes de texto narrativo en inglés e galego sobre seres fantásticos. O texto en inglés aparece baixo o galego en letra cursiva. *A pedra perdida/The Missing Stone* (Páez/Aguirre 2006) é un exemplo desta serie no que se ensina a non roubar nin a enganar as persoas que confían en nós.

Os dragóns do arco da vella (Hernández 2010) é unha historia sobre dragóns na que o texto en inglés, que tamén aparece baixo o galego, se distingue polas letras vermellas que o imprimen. Este álbum inclúe ao final unha guía didáctica.

Sobre a vida cotiá dos nenos se encontran algúns títulos na serie «Letra grande». Por exemplo, *O dente de María/Mary's Tooth* (Lluch/Clariana 2011) trata sobre a caída dos dentes de leite e a tradición do rato Pérez.

3. ÁLBUM ILUSTRADO CON PICTOGRAMAS

Os pictogramas son pequenos debuxos que representan unha palabra. Os álbumes ilustrados con pictogramas posúen, ademais das grandes ilustracións propias deste tipo de libros, pequenos debuxos insertos nos textos, en substitución a algunhas palabras. Aínda que a comprensión dos debuxos semella máis sinxela que a das palabras, hai que ter en conta que non sempre é doado atopar a palabra exacta que substitúe o pictograma, de maneira que a lectura destes

álbumes require dun esforzo intelectual de abstracción que, por outra banda, pode ser tomado polos cativos coma un xogo. A súa participación máis activa na lectura pode resultar así máis atractiva.

De todas formas, ao final do libro aparece normalmente unha lista completa de todos os pictogramas empregados xunto coas palabras que representan, de maneira que se poida comprobar se a interpretación dos debuxos foi a correcta.

En galego temos poucas coleccións de álbumes con pictogramas. «Ver e ler...» de Sálvora ou «Pictogramas de bruxas con adhesivos», de Edicións do Cumio, son algunhas delas. No primeiro caso o texto é de tipo expositivo, pero sobre seres fantásticos, recollendo a tradición literaria sobre eles. Así, *Os xigantes* (Busquets 2000) explica os tipos de xigantes, o que fan na súa vida cotián, etc. Nesta colección a lista de pictogramas atópase nas gardas do libro. Pola súa banda, «Pictogramas de bruxas con adhesivos» presenta historias de bruxas caracterizadas cos atributos que marca a tradición, pero ao mesmo tempo adaptándoos aos tempos modernos. Así, en *A curuxa prepara o almorzo* (López 2004) vemos como a bruxa fai pocións máxicas que envía enlatadas por correo a quen lle fai a encarga. A peculiaridade desta colección é que ao final do libro se atopan os adhesivos de todos os pictogramas, de maneira que o neno, ademais de recoñecelos, tamén participe colando cada adhesivo no lugar onde aparece.

Como vemos, entre os álbumes bilingües e os de pictogramas predominan os personaxes fantásticos.

4. ÁLBUM ILUSTRADO INTERACTIVO

A lectura dun álbum ilustrado implica, en certo modo, a interacción entre o lector e o álbum, segundo explican algúns autores (por exemplo Goodman 1982). Pero ademais podemos atopar algúns títulos que esixen do lector algo máis ca ler textos e ilustracións: levantar solapas, mover lingüetas, buscar determinados elementos entre os debuxos, pensar na solución a un problema (coma no caso das adiviñas), etc. A algúns destes álbumes se lles chama tamén libros-xogo, pero aquí preferimos englobalos todos baixo un mesmo epígrafe, destacando a interactividade que implican co lector.

As respostas físicas son moi diferentes das intelectuais, pero ambas se atopan establecidas de antemán polos autores. As solapas e lingüetas permiten ao lector observar as ilustracións en todas as súas dimensións, e ás veces tamén completar o texto co que se atopa debaixo da solapa. As respostas de pensar ou observar poden ser máis ou menos importantes para a interpretación do álbum, e se atopan preestablecidas de maneira que ás veces están escritas no álbum.

Non son moitos os álbumes deste tipo que se publican en galego, pero se poden atopar títulos dos tres subtipos, ás veces combinados nun mesmo álbum: de busca visual (moi escaso en galego), de pensar nunha resposta e de solapas ou lingüetas. Case todos se dirixen aos lectores máis miúdos. Os textos, pola

súa banda, non soen ser narrativos, senón que resaltan a interactividade con preguntas e respostas.

Os máis comúns son os álbumes que utilizan solapas e lingüetas. Pese a todo, non atopamos títulos autóctonos en galego, senón que todos son traducidos. Así sucede coa colección «As sorpresas agochadas de Caillou» da editorial Everest. Por exemplo, en *Caillou. Dime o que hai* (Savary/Tipéo 2008) as solapas descubren a resposta ás preguntas que forma o texto, tanto visualmente coas ilustracións coma en palabras. Da mesma colección, *Caillou. Que falta?* (Savary + Vadeboncoeur/Tipéo 2008) utiliza as lingüetas para descubrir as respostas, tanto nas ilustracións coma nas palabras que se descubren nas propias lingüetas.

Por favor, comparte! (Díaz 2008) amosa como o coello comparte os seus xoguetes a través de solapas, lingüetas, pezas de papel que saen das ilustracións e un laciño que permite mover o debuxo.

Na serie «Xela» de Tambre unha folla despregábel descubre a resposta a unha pregunta, para a que se presentan catro obxectos como posibles respostas. Os temas son da vida cotiá, coma en *¿Que estou a tocar?* (Slegers 2008): xoguetes, auga, o frigorífico, unha árbore...

O zoo (Carreiro 2008), da colección «Os Bolechas» de A Nosa Terra, propón un orixinal xogo de preguntas que para resolver hai que pasar as follas partidas en dúas partes, até casar na mesma páxina as dúas preguntas que se refiren ao mesmo animal.

Xa para lectores xoves, *O mundo máxico de Tolkien* (Kloczko/Camprubi 2011) utiliza as solapas e as texturas para explicar, con texto expositivo, os diferentes aspectos e anécdotas dos libros de Tolkien.

5. ÁLBUM ILUSTRADO SEN PALABRAS

Os álbumes ilustrados sen palabras prescinden case por completo dun dos principais códigos semióticos da maioría de álbumes ilustrados: o lingüístico, e utilizan as ilustracións e os paratextos para transmitir significados.

Estes álbumes poden ter unha estrutura narrativa ou enumerativa. En calquera caso, a «lectura» lévase a cabo e as ilustracións poden dar lugar a textos orais dos lectores que comparten o álbum.

Por outra parte, as palabras aparecen sempre no título do álbum, o que nos permite falar da lingua de orixe de cada libro e das súas traducións. O título pode resultar importante para interpretar o sentido do álbum, como sucede na serie «Frederick» de Kalandraka, con estrutura enumerativa. Nesta serie a pregunta do título dá sentido á sucesión de imaxes do álbum. Así, *Frederick, que é?* (Lionni 2009a) espera que o lector denomine os obxectos que aparecen, *Onde?*, *Frederick* (Lionni 2009b) que describa o lugar onde están os ratos das ilustracións, e así sucesivamente.

Son poucos os álbumes ilustrados sen palabras publicados inicialmente por editoriais galegas. Podemos mencionar entre eles *Compostela* (Pintor 2010), unha sucesión de lugares de Santiago de Compostela ilustrados, nos que sempre aparece un artista.

Publicáronse en galego dous álbumes ilustrados clásicos deste tipo: *Un globo vermello* (Mari 2006a), no que os obxectos cambian de forma e se convirten noutros obxectos, e *A mazá e a bolboreta* (Mari 2006b), que explica o ciclo de formación das bolboretas.

Atopamos tamén dous títulos que comezan cun breve texto introdutorio da situación, pero continúan coma álbumes sen palabras. Son *Encarna e o vento* (Gallego 2005b) e *Con-zancos e as ondas do mar* (Gallego 2005a), ambos sobre a relación entre unha ave e os elementos da natureza.

6. CONCLUSIÓNS

A produción de álbumes ilustrados en galego está a medrar e a diversificarse. Para algúns modelos aínda é preciso recorrer ás traducións para poder ofrecer algún título ao lectorado, como ocorre cos álbumes bilingües ou os que presentan algúns tipos de interactividade. Ás veces a lista completa é moi curta, coma no caso dos álbumes interactivos de busca visual. Tampouco a calidade é sempre a mesma. Mais pouco a pouco vanse enchendo os baleiros das producións autóctonas, e en calquera caso cúbrese practicamente con todos os tipos de álbumes ilustrados existentes en literaturas veciñas coma a castelá.

BIBLIOGRAFÍA

Agencia Española del ISBN (2014) *Base de datos de libros editados en España* [en liña], «http://www.mcu.es/webISBN/tituloSimpleFilter.do?cache=init&prev_layout=busquedaisbn&layout=busquedaisbn&language=es» [Consulta: 2014].

Albo, P. (2010) *Andrés cabeza abaixo*, ilustracións: R. Olmos, tradución: P. Liván, Pontevedra, OQO.

Alcántara, R. (2001) *Tento e mailo mar*, ilustracións: Gusti, tradución: X. C. Rodríguez, Vigo, Tambre.

Aliaga, R. (2007) *O soño do osiño rosa*, ilustracións: H. Bansch, tradución: Paco Liván, Pontevedra, OQO.

Andersen, H. C. (2003) *A princesa e o chícharo*, ilustracións: E. Odriozola, Vigo, Xerais.

Ballesteros, X. (2000) *Tío Lobo*, ilustracións: R. Olmos, Pontevedra, Kalandraka.

Ben, L. (2006) *Unha tarde no cine*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.

- Biblioteca Nacional de España (2014) *Catálogo BNE* [en liña], «<http://catalogo.bne.es/uhtbin/webcat>» [Consulta: 2014].
- Blanco, M. (2010) *A nena e o grilo*, ilustracións: I. Prieto, Pontevedra, OQO.
- Boer, J. de (2005) *O sultán e os ratos*, ilustracións: T. Darné, tradución: P. Ferriz, Pontevedra, OQO.
- Boncens, C. (2011) *Os animais da sabana*, A Coruña, Baía.
- Bosch, E. (2007) «Hacia una definición de álbum», *AILIJ: Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, 5, 25-45.
- Budde, Nadia (2005) *Un dous tres, que ves?*, tradución: X. Ballesteros, Pontevedra, Kalandraka.
- Busquets, J. (2000) *Os xigantes*, tradución: G. Freiría, Santiago de Compostela, Sálvora.
- Carreiro, P. (2004a) *Os Bolechas descubren a Natureza. A praia*, Vigo, A Nosa Terra.
- (2004b) *Coidamos a escola, coidamos o Planeta*, Vigo, A Nosa Terra.
- (2008) *Os Bolechas. O zoo*, Vigo, A Nosa Terra.
- (2011) *Os Bolechas queren saber... como é o noso Patrimonio Cultural*, Vigo, A Nosa Terra.
- Caruncho, M., et al. (2011) *Bocadillos e sándwiches. Divertidos, fáciles, creativos*, Sarria (Lugo), Ouvirmos.
- Castro, Rosalía (2005) *Adiós ríos, adiós fontes*, ilustracións: R. Chao, A Coruña, Baía.
- Collodi, C. (2010) *Pinoquio*, ilustracións: Estudio Escletxa, adaptación: G. Frollet, tradución: A. Buján, A Coruña, Baía.
- Cruz-Contarini, R. (2006). *Do A ao Z con Mozart e coa música*, ilustracións: R. Salmerón, tradución: I. Penas, A Coruña: Everest.
- Daporta, M. (2002) *No río*, Vigo, A Nosa Terra.
- (2009) *Un becho estraño*, ilustracións: O. Villán, Vigo, Faktoría K.
- Díaz, C. (2008) *Por favor, comparte!*, Vigo, A Nosa Terra.
- Docampo, X. (2011) *Mans*, DNL, A Coruña, Everest.
- Dupont-Escarpit, D. (2006) «Leer un álbum, ¡es fácil!: una manera de interpretar y criticar los álbumes ilustrados», *Peonza*, 75-76, 7-21.
- Fariña, A. (2005a) *Os contrarios*, Vigo, A Nosa Terra.
- (2005b) *Na aventura dos muiños*, Vigo, A Nosa Terra.
- Fernández, J. (2009) *Os maios*, Vigo, Galaxia.

- Floury, M. (2004) *Coelliño Branco pérdese*, ilustracións: F. Boissard, tradución: S. Lamela, Madrid, Edelvives.
- Fontes, C. (2009) *Poemas con piruleta*, ilustracións: L. Lamas, Vigo, Galaxia.
- Gallego, E. (2005a) *Con-zancos e as ondas do mar*, Vigo, Galaxia.
- (2005b) *Encarna e o vento*, Vigo, Galaxia.
- Goodman, K. S. (1982) «El proceso de lectura: consideraciones a través de las lenguas y del desarrollo», en E. Ferreiro + M. Gómez, *Nuevas perspectivas sobre los procesos de lectura y escritura*, México, Siglo XXI, 13-28.
- Grimm, J. + W. (2001) *Rapunzel*, ilustracións: A. Caña, adaptación: M. García, Pontevedra, Kalandraka.
- (2009) *Branca de Neve e os sete ananos*, ilustracións: A. Ferrer, adaptación: A. Gracián, Vigo, Galaxia.
- Harcourt, C. d' (2011) *Un cadro de Velázquez*, tradución: X. Ballesteros, Pontevedra, Faktoría K.
- Hernández, A. (2010) *Os dragóns do arco da vella/Rainbow Dragons*, Vigo, Nova Galicia.
- Kloczko, E. (2011) *O mundo máxico de Tolkien*, ilustracións: K. Camprubí, tradución: A. Buján, A Coruña/Redondela (Pontevedra), Baía/Consortio Editorial Galego.
- Lionni, L. (2009a) *Frederick, que é?*, Pontevedra, Kalandraka.
- (2009b) *Onde?, Frederick*, Pontevedra, Kalandraka.
- Lisma Ediciones (2008) *As miñas primeiras palabras en inglés*, A Coruña, Baía.
- Lluch, E. (2011) *O dente de María/Mary's Tooth*, ilustracións: A. Clariana, Vigo, Ir Indo.
- López, C. (2004) *A curuxa prepara o almorzo*, Vilaboa, do Cumio.
- Lorenzo, M. (2010) *Un soño na bandexa*, ilustracións: A. Francisco + J. Vázquez, Vigo, Galaxia.
- Mari, I. (2006a) *Un globo vermello*, Pontevedra, Kalandraka.
- (2006b) *A mazá e a bolboreta*, tradución: X. A. Ballesteros, Pontevedra, Kalandraka.
- Martín, P. (2007) *Sabeliña e os ratos*, ilustracións: X. Tomás, Vigo/Madrid, Galaxia/El País.
- Martins, I. (2009) *P de papá*, ilustracións: B. Carvalho, tradución: X. Ballesteros, Pontevedra, Kalandraka.
- Monclús, J. + Aura Comunicación (proxecto gráfico) (2002) *Kimba. As cores e as formas*, Barcelona, Edebé.

- Moure, T. (2008) *Eu tamén son fonte*, ilustracións: L. Lamas, Vigo, Galaxia.
- Neira Cruz, X. A. (2008a) *Unha chea de familias*, ilustracións: R. Chao, Vigo, Galaxia.
- (2008b) *O debut de Martino Porconi*, ilustracións: F. Fernández, música: Real Filharmonía de Galicia, Vigo, Galaxia.
- Neruda, P. (2009) *Oda a unha estrela*, ilustracións: E. Odriozola, tradución: X. Ballesteros, Pontevedra, Kalandraka.
- Nova Galicia (2004) *Ceras*, Vigo, Nova Galicia.
- Núñez, M. (2001) *Lucinda e o inspector Vinagre*, ilustracións: J. Caetano, Pontevedra, Kalandraka.
- (2006) *Cocoricó*, ilustracións: H. Bansch, Pontevedra, OQO.
- (2007) *Ovos duros*, ilustracións: T. Lima, Pontevedra, OQO.
- Oli (2001) *Once damas atrevidas*, ilustracións: H. Thomassen, Pontevedra, Kalandraka.
- Páez, A. (2006) *A pedra perdida/The Missing Stone*, ilustracións: M. Aguirre, tradución: M. A. Capelle, San Andrés de la Barca (Barcelona), Círculo Latino.
- Palacios, V. (2009a) *Animais de papel. Papiroflexia*, A Coruña, Baía.
- (2009b) *Papiroflexia. Iniciación*, A Coruña, Baía.
- Palomo, C. (2008) *Os animais do zoo*, ilustracións: R. Rodrigo, tradución: I. Penas, A Coruña, Everest.
- Patacrúa (2006) *A princesa do Caurel*, ilustracións: J. Solchaga, Pontevedra, OQO.
- Pesdelán (2010) *Na punta do pé*, ilustracións: J. V. de Carvalho, Pontevedra, Kalandraka.
- Pintor, D. (2010) *Compostela*, Pontevedra, Kalandraka.
- Portis, A. (2008) *Non é unha caixa*, ilustracións: A. Portis, tradución: C. Heras + P. Martínez, Vigo, Faktoría K.
- Prestifilippo, P. (2007) *Instrucións para espertar a unha cadeira durmida: o método do profesor Roxelio Troncoso para converter a súa cadeira nunha mascota*, tradución: X. Ballesteros, Vigo, Faktoría K.
- Ramos, A. M. (2011) «Apontamentos para uma poética do álbum contemporâneo», en B. A. Roig *et al.* (coords.), *O álbum na literatura infantil e xuvenil (2000-2010)*, Vigo, Xerais, 13-40.
- Rodari, G. (2010) *Que fai falta?*, ilustracións: S. Bonanni, tradución: X. Ballesteros, Pontevedra, Kalandraka.

- Rodiño, X. (2002) *O lobo*, ilustracións: M. Lires, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- Rubio, A. (2005a) *Cinco*, ilustracións: O. Villán, Pontevedra, Kalandraka.
- (2005b) *Crocodilo*, ilustracións: O. Villán, Pontevedra, Kalandraka.
- (2005c) *Miau*, ilustracións: O. Villán, Pontevedra, Kalandraka.
- (2006) *O poliño da abeleira*, ilustracións: G. Pacheco, tradución: S. Pérez, Pontevedra, Kalandraka.
- Sánchez, G. (2004) *Adiviñas de animais*, ilustracións: O. Villán, Santiago de Compostela, Obradoiro.
- Sánchez, M. (2000) *Na area*, ilustracións: P. Estrada, tradución: X. Babarro, Barcelona, Esin.
- Sasek, M. (2011) *Isto é Nova York*, Santiago de Compostela, El Patito.
- Savary, F. (2008) *Caillou. Dime o que hai*, ilustracións: Tipéo, Madrid, Everest.
- Savary, F. + Vadeboncoeur, I. (2008) *Caillou. Que falta?*, ilustracións: Tipéo, Madrid, Everest.
- Slegers, L. (2004) *Uxía e a barriguiña de mamá*, tradución: M. Pérez, Madrid, Edelvives.
- (2008) *¿Que estou a tocar?*, tradución: J. I. Chao, Madrid, Tambre.
- (2009) *Xurxo, vístome*, tradución: J. I. Chao, Madrid, Tambre.
- (2010) *Voume bañar*, tradución: J. I. Chao, Madrid, Tambre.
- Trigo, R. A. (2007) *Eu vivía na fin do mundo*, Vigo, Tambre.
- Valdivia, P. (2009) *Os de arriba e os de abaixo*, tradución: M. Rodríguez, Pontevedra, Kalandraka.
- Varela, B. (recompilación) (2008a) *Arrollos e rodas*, ilustracións: N. López, A Coruña, Everest.
- (recompilación) (2008b) *Mentiras*, ilustracións: S. Cubeiro, A Coruña, Everest.
- (recompilación) (2008c) *Pandas*, ilustracións: M. Calo, A Coruña, Everest.
- (recompilación) (2008d) *Trabalinguas*, ilustracións: M. Uhía, A Coruña, Everest.
- Vicó, J. (2005) *Diccionario visual*, tradución: A. Rodríguez, Vigo, Xerais.

